

O VAL DO RÍO GAFOS

Esta marabilla natural
que abrangue o río dos Gafos
non foi inaugurada por ninguén,
non houbo primeira pedra,
non ten placa conmemorativa.

Pregamentos telúricos,
sedimentos e clima
foron conformando súa paisaxe maxestuosa:
verde, pallosa, castaña, ocre, dourada;
reflectida no seu río de andar preguizoso
e augas cristalinas.

Así se mantivo
dende seus antigos devanceiros.

Nin romanos nin franceses a turbaron,
mesmo os caciques recuaron
empacados como metoucos de millo pantasmais.

Non a estraguemos agora
que é un pazo de cultura,
un deleite para os ollos
e unha escola para nosos fillos.

Gonzalo Sancho Blanco